



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO

Proxecto de expropiación urbanística, polo procedemento de taxación conxunta, para o desenvolvemento do Plan de sectorización do SAUI e a execución do Polígono Industrial do Concello de Val do Dubra. Aprobación definitiva e convocatoria.

Expediente 2022/U040/000001

Por resolución de Alcaldía núm. 968/2025, de 29 de decembro, aprobouse definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, para o desenvolvemento do Plan de sectorización do SAUI e a execución do Polígono Industrial do Concello de Val do Dubra, segundo os documentos presentados pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A, asinados polo Arquitecto, Isidro López Yañez (colexiado nº 2261 COAG) e a Enxeñeira Técnica Agrícola, Beatriz Blanco Lois (colexiada nº. 1.909), RE núm 202599900000169 de 19/02/2025 e núm 202599900001439 de 28/11/2025-documento para aprobación definitiva e addenda.

No mesmo acordo resólvense as alegacións presentadas; considéranse acreditadas como interesadas ás persoas que presentaron escritos ao respecto; apróbase a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados; confíreselles un prazo de 20 días ás persoas interesadas/titulares dos bens e dereitos expropiados para que poidan manifestar por escrito ao órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente e apróbase o prezo xusto da seguinte relación de bens e dereitos afectados:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS PARA A EXECUCIÓN DO POLÍGONO

Nº FINCA	REF. CATASTRAL	TITULARES	SUPERFICIE TOTAL m2	SUPERFICIE EXPROPIADA m2	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	DESTINO	OUTROS BENS AFECTADOS
2	15089A502050120000LZ	CONCELLO DE VAL DO DUBRA (DOMINIO PÚBLICO)	3.036	627	SOLO NON URBANIZABLE NORMAL	LABRADÍO	
3	15089A502000650001BJ	CANCELA SUAREZ, CARMEN	13.903	9.088	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	Ud edificación
4	15089A502000620001BD	CONCELLO DE VAL DO DUBRA (DOMINIO PÚBLICO)	18.002	3.530	SOLO APTO PARA URBANIZAR	APARCAMENTO	
5	15089A502000610001BR	CANCELA SUAREZ, CARMEN	24.351	20.552	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	
6	15089A030005500001ZU	DESCOÑECIDO	48.269	8.577	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	
8	15089A030003000001ZY	AMIGO LIÑARES, CELESTINO	19.155	11.786	SOLO APTO PARA URBANIZAR	MONTE ALTO	11.786 m2 carballeira
8-CO	15089A030003000000BT	AMIGO LIÑARES, CELESTINO	19.155	5.689	SOLO NON URBANIZABLE NORMAL	MONTE ALTO	5.689 m2 carballeira
9	15089A030002980001ZB	CARMEN CONCEPCIÓN (50%), ANTELO FRAGA, DAVID (40%), FRAGA MALLO, ROSA (10%)	61.408	44.868	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO (27.942 m2) E MONTE ALTO (16.926 m2)	16.926 m2 carballeira



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

9-A	15089A0300064 90001ZY	LIÑARES CORES, MANUEL (HEREDEROS DE)	5.018	4.883	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	
10	15089A0300064 00001ZJ	PAZ REY JUAN, RAMON (50%) GONZALEZ CALVIÑO, ISABEL (50%)	7.737	5.362	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	5 ud. Árbore madeirable
12	15089A0300062 30001ZP	LIÑARES CORES, MANUEL (HERDEIROS DE)	2.725	293	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	
12-A	15089A0300029 90001ZY	LIÑARES CORES, MANUEL (HERDEIROS DE)	1.350	542	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	
12-B	15089A0300063 70001ZJ	Mª HORTENSIA LIÑARES SONEIRA	1.195	870	SOLO APTO PARA URBANIZAR	LABRADÍO	124 m Malla de arame (1,80m de alto) 55 ud. Poste de Formigón (1,80m de alto) 18 m3 Muro de Formig ón 4 ud. Froiteir as 1 ud. Fosa séptica

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POR ESTIMACIÓN DE EXPROPIACIONES TOTAIS

Nº FINCA	REF. CATASTRAL	TITULARES	SUPERFICIE TOTAL m2	S UPE RFIC IE EXP ROPI ADA m2	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	DESTINO	OUTROS BENS AFECTADOS
3-CO	15089A5020006 50000LH	CANCELA SUAREZ, CARMEN	13.903	4.815	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RIBEIRAS E CAUCES	LABRADÍO	
5-CO	15089A5020006 10000LE	CANCELA SUAREZ, CARMEN	24.351	3.799	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RIBEIRAS E CAUCES	LABRADÍO	
8-CO	15089A0300030 00000BT	AMIGO LIÑARES, CELESTINO	19.155	5.689	SOLO NON URBANIZABLE NORMAL	MONTE ALTO	5.689 m2 carballeira
9-CO	15089A0300029 80000BL	ANTELO SEÑARÍS, JOSE ANTONIO (50%) ANTELO SEÑARÍS, CARMEN CONCEPCIÓN (50%)	61.408	16.540	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RIBEIRAS E CAUCES	LABRADÍO	

Así mesmo, segundo o disposto no punto noveno desta resolución e de conformidade co previsto no artigo 49 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, CONVÓCASE aos titulares de bens e dereitos afectados:



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- O día 23 de marzo de 2026 ás 11.00 horas na Casa Consistorial do Concello de Val do Dubra co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados. Así mesmo, procederase ao levantamento das actas de ocupación correspondentes.

O documento completo, aprobado definitivamente, estará a disposición dos interesados nas dependencias municipais en horario de 9 h ás 14 h e no taboleiro electrónico do concello de Val do Dubra

A publicación do presente anuncio no BOE servirá de notificación aos propietarios descoñecidos, e tamén a aqueles dos que se ignore o lugar da notificación, ou ben, tramitada esta non se puidese efectuar. Todo iso de conformidade co disposto no art 44 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Val do Dubra, 20 de xaneiro de 2026

O alcalde
Diego Luís Díaz Méndez